



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa **Casa da Xuventude**.

EXPOSICION DE MOTIVOS

Segundo o Instituto Galego de Estatística, en 2006, están censados case 5.500 persoas de entre os 14 e os 30 anos no noso concello, polo tanto a mocidade é un amplo sector da nosa poboación que require unha atención axeitada. Asemade son moitos os grupos xuveniles, asociacións e colectivos ribeirenses que demandan: máis e mellores instalacións para poder desenvolver as súas actividades así como a programación e difusión de máis actividades en instalacións acaídas.

A posta en marcha da Casa da Xuventude é unha instalación que a cidadanía leva demandando moito tempo e xa o noso grupo municipal o leva traendo este tema a Pleno dende hai varias lexislaturas de xeito reiterado.

Para facer unha instalación como unha Casa da Xuventude en Ribeira, precisaríase oír a opinión dos destinatarios/as da mesma, facer reunións con asociacións e grupos que traballan cos colectivos de xóvenes para oír as súas demandas.

É ben sabido que no barrio de Abesadas se iniciou a construción dunha instalación que leva o nome de "Casa de Xuventude", obra que a día de hoxe leva meses paralizada. Logo dunha análise do proxecto en construción, constátase que esta edificación vai ser máis un "albergue" que unha "Casa da Xuventude" en sentido estricto, xa que unha gran parte de superficie útil de todo o edificio, tal como indica o propio proxecto: dormitorios, cocíña, comedor, despensa, sala de estar, lavandería, tendedeiro, etc. Instalacións estas que entendemos non son unha prioridade do noso concello para atender á cidadanía, nomeadamente, á mocidade de Ribeira que é quen nos debemos.

Dende o BNG si temos feito reunións onde se nos teñen transmitido a necesidade de ubicar nesta instalación entre outros servizos: espazo para a Oficina de Información Xuvenil, espazo para un centro de asesoramento afectivo sexual Quérote, espazos para locais de ensaios e de pequenas actuacións, un espazo amplo para reunións grandes, aulas obradoiro, pequenos espazos para ceder a asociacións con acceso exterior independente, aula de informática, etc. Todo cun horario amplo de apertura e autoxestionada o máximo posible polos seus usuarios e usuarias.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

A C O R D O :

1º Que dende o Concello de Ribeira **se replantee o proxecto en execución da Casa da Xuventude para que esta edificación poida ter as instalacións e servizos que a mocidade de Ribeira demanda e precisa** e ter así unha Casa da Xuventude que mocidade sinta útil e propia.

2º Que o concello de Ribeira **xestione ante os organismos oportunos o remate das obras da Casa da Xuventude, logo de ter feito os cambios no proxecto.**

Ribeira, 18 de xaneiro de 2008

Asdo.: Luís Teira Parada

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA